



Concello  
de Pontevedra

pontevedra.gal

# Guerrilla

do 29 de setembro  
ao 08 de outubro



CULTUR  
ACTIVA



# **GUERRILLA**

**aborda a súa edición máis ambiciosa e extensa nesta terceira edición**

Xa consolidada como unha das programacións de cultura reivindicativa da contorna, este ano celebrarse en **Pontevedra** os días **29 e 30 de setembro e 5, 7 e 8 de outubro**.

Tras dous anos de éxito na cidade, **Guerrilla** repite en **Pontevedra** coa súa programación máis extensa e ambiciosa. Nesta **terceira edición**, **Guerrilla** pon en auxe a importancia da interseccionalidade nas reivindicacións sociais.

Migracións, feminismos, colectivo LGTBIQ+, loita interxeracional e reivindicación da diversidade lingüística e cultural son algúns dos temas que abordan os diversos espectáculos e artistas que protagonizan estas xornadas. Dende a organización, destacan o relevante e especial que é para eles que este evento se realice en Pontevedra, cidade que consideran “un exemplo a nivel de resistencia cultural e social”.

A programación comeza cun dos seus pratos fortes, os concertos de **MJ Pérez** e **O Rabelo**, que serán o día 29 no Teatro Principal ás 21.00 h. Estas dúas figuras son chaves para entender as reivindicacións de xénero e diversidade afectivo sexual da música galega actual. Sobre o escenario preséntase a importancia do feminismo e daránlle unha volta aos roles de xénero, abrindo camiño cara un novo espazo onde os estereotipos de xénero se dilúen num ambiente festivo, inmersivo e animado.

O día 30 viaxa a Pontevedra dende Euskadi **Olatz Gorrotxategui** coa súa obra de teatro ‘Mierda de Ciudad, la historia del rock radical vasco’. O espectáculo será tamén no Teatro Principal ás 21.00 h. A peza é un western musical sobre o auxe e a caída do rock radical vasco, unha historia sobre unha xeración que busca o seu lugar, chave para entender o contexto sociocultural da época.

A semana seguinte trae tres grandes nomes: **Leo Bassi**, **Mercedes Peón** e **Fermín Muguruza**. O xoves Leo Bassi estará no Teatro Principal co seu espectáculo 70, que está levantando paixóns alá por onde pasa. Nel, o famoso clown italiano reflexiona sobre o paso do tempo e conta como está vivindo a súa entrada na década dos 70: con vitalidade e ganas de facer cousas. “A mellor época da miña vida”, di. Pola súa banda, Mercedes Peón actuará co seu espectáculo Osmose o sábado 7, un espectáculo audiovisual e sonoro que pon en valor a loita das obreiras da fábrica de Pontesa.

Para poñer peche a programación, contaremos coas protagonistas do documental de Fermín Muguruza, Esoh Romeo Atchori, Yedoh Aetz Atchori Lazkano e Miren Larraitz Lazkano Vendrell. Protagonistas do documental que pon voz ás historias afogadas nas augas do río Bidasoa entre Irun e Hendaia polo esforzo policial en evitar a entrada dos inmigrantes en tránsito cara o resto de países europeos. Un acontecemento real que viviu a fronteira pirenaico-atlántica natural do Bidasoa no verán do 2018

Todas as entradas poden conseguirse en [ataquilla.es](http://ataquilla.es) cos descontos habituais. Todos os espectáculos teñen un prezo de 10 €, agás o concerto de MJ Pérez e O Rabelo, que custa 6 € e o documental de Fermín Muguruza, que será de balde.



**GUERRILLA 2022 - AS ALUMNAS**

## **PROGRAMA:**

### **VENRES 29 DE SETEMBRO**

CONCERTO:

MJ PÉREZ + O RABELO

Ás 21.00 h no Teatro Principal

Entradas en [ataquilla.es](http://ataquilla.es) 6€

### **SÁBADO 30 DE SETEMBRO**

REPRESENTACIÓN TEATRAL:

OLATZ GORROTXATEGUI.

Mierda de Ciudad, la historia del rock radical vasco

Ás 21.00 h no Teatro Principal

Entradas en [ataquilla.es](http://ataquilla.es) 10€

### **XOVES 5 DE OUTUBRO**

ESPECTÁCULO:

LEO BASSI.

70+

Ás 21.00 h no Teatro Principal

Entradas en [ataquilla.es](http://ataquilla.es) 10€

### **SÁBADO 7 DE OUTUBRO**

ESPECTÁCULO AUDIOVISUAL E SONORO:

MERCEDES PEÓN.

Osmose

Ás 21.00 h no Teatro Principal

Entradas en [ataquilla.es](http://ataquilla.es) 10€

### **DOMINGO 8 DE OUTUBRO**

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL:

FERMÍN MUGURUZA.

Bidasoa: 2018-2023

Ás 19.00 h no Teatro Principal

A entrada é de balde ata completar aforo

## ARTISTAS:

### **MJ PÉREZ**

María José Pérez, nada en Arzúa, é unha das voces do panorama actual da música galega. Inicia o seu percorrido en 2014 e acumula máis de 150 concertos por toda Galicia e tamén Portugal. Suma xa catro álbums: un autoeditado e outros tres auto-producidos. Estivo presente en festivais e nos principais circuítos musicais de Galicia.

### **O RABELO**

Artista\* que se dedica a compoñer música, dar obradoiros ao redor da improvisación, investigar sobre tradición, mitoloxía e disidencia. O seu proxecto musical comeza en 2019 a cabalo entrea a regueifa, a improvisación tradicional, o freestyle e a improvisación rapeada. Desde entón, leva ao escenario un espectáculo híbrido entre unha foliada e unha rave, mesturando xéneros como o tecno, o reguetón e a música tradicional galega.

*\*Nas comunicacións, usar sempre xéneros e pronomes masculinos (el) ou neutro (elu).*

### **OLATZ GORROTXATEGUI** **MIERDA DE CIUDAD, LA HISTORIA** **DEL ROCK RADICAL VASCO**

Olatz Gorrotxategui é unha artista multidisciplinar vasca, que traballa o teatro contemporáneo e as novas linguaxes escénicas. Na súa obra Mierda de Ciudad aborda a historia do rock radical vasco, un hito dos 80 en Euskal Herría que narra unha época contestataria. Na obra recorrense fitos como a chegada da democracia, o paso a tele tricolor, as ikurriñas agochadas nas casas, as manifestacións anti Otan... Un espectáculo que ten distintas canles de información: vídeo, son, música en vivo e textos que recitan as dúas actrices.



# **LEO BASSI**

**70+**

Leo Bassi celebra en este espectáculo que ten xa máis de 70 anos e que está, segundo el, na mellor etapa da súa vida. A través da súa memoria descúbrenos que hai que volver ao humanismo e aos instintos e asómbrase da súa enerxía. O humor como reflexión da sociedade e o acto teatral como un ritual.

# **MERCEDES PEÓN**

## **OSMOSE**

Osmose é un espectáculo que mestura a performance, a videocreación e a electrónica. Mercedes Peón aférrase a obra “Nación” de Margarida Ledo para por en valor a loita das mulleres obreiras da fábrica Pontesa de Pontevedra. Mercedes Peón é unha das referentes da world music actual e nesta edición de Guerrilla trae a Pontevedra un dos seus últimos espectáculos máis novidosos e rechamantes.

# **FERMÍN MUGURUZA**

## **BIDASOA: 2018-2023**

Un documental do director de cine, músico e produtor Fermin Muguruza, unha das figuras máis influíntes e carismáticas do panorama musical vasco. Preséntase en Pontevedra o seu documental “Bidasoa: 2018-2023”. A peza narra o peche dalgúns pasos da fronteira pirenaica-atlántica natural do Bidasoa, imposto por Francia no verán de 2018 para evitar a entrada de migrantes en tránsito cara o resto de países, provocou 10 mortes nun ano. Este documental, ademais de dar voz e poñer rostro a varias das activistas dun e outro lado do río tamén lembra aqueles que perderon a súa vida, pondo nome, idade, travesía e soños, coñecendo a historia e as persoas que se agochan tras as frías cifras de falecidos.





# GUERRILLA

**GUERRILLA 2022 - PEPE VIYUELA**





**CONTACTO DE PRENSA**  
**Sofía Caamaño Deus**  
**[comunicacion@culturactiva.org](mailto:comunicacion@culturactiva.org)**  
**697 812 362**